

# 9. FONDOS EUROPEOS FORMATIVOS

## “Formarse, investigar e conectar para transformar Europa”

### 9.1. Que son os fondos europeos formativos?

Os fondos europeos formativos son programas de financiamento creados pola Unión Europea co obxectivo de mellorar a educación, a formación, a investigación, a innovación e os valores democráticos nos Estados membros. Estes fondos permiten participar en proxectos comúns con outros países europeos.

A través destes programas, a UE busca fomentar a cooperación entre países, rexións e entidades locais, para mellorar a calidade da educación, impulsar a investigación científica e reforzar os valores europeos como a igualdade, a participación cidadá e os dereitos humanos.

Entre os principais fondos europeos formativos destacan Erasmus+, Horizon Europe e CERV.

### 9.2 O programa Erasmus+

Erasmus+ é o programa máis coñecido da Unión Europea no ámbito da formación e educación. Está dirixido a estudantes, profesorado, persoal educativo, persoas mozas e organizacións que traballan nos ámbitos educativos, xuvenil e deportivo. O seu obxectivo principal é mellorar a calidade da educación en Europa e favorecer a mobilidade, intercambio e a cooperación entre países membros e rexións.

#### Obxectivos principais de Erasmus+

- Mellorar a calidade da educación e da formación.
- Facilitar a mobilidade internacional de estudantes e profesorado.
- Fomentar a inclusión social e a igualdade de oportunidades.
- Promover o sentimento de cidadanía europea.
- Impulsar a aprendizaxe de linguas estranxeiras.

#### Que actividades financia?

- **Mobilidade de estudantes:** realizar estudos ou prácticas noutros países da Unión Europea.
- **Mobilidade de profesorado:** actividades de formación ou docencia no estranxeiro.
- **Intercambios xuvenís:** proxectos de colaboración entre a mocidade de distintos países.
- **Proxectos de cooperación** entre centros educativos e organizacións.
- **Actividades deportivas con intercambio entre diferentes estados da Unión Europea**




## Erasmus+ en Galicia

O programa Erasmus+ ten unha presenza moi destacada en Galicia, tanto no ámbito escolar como no universitario. Segundo datos recentes do ano 2025, a Xunta de Galicia recoñeceu 64 centros educativos galegos como centros acreditados Erasmus en Educación Escolar e Educación de Persoas Adultas, dos cales 56 son colexios e institutos e 8 centros de educación de adultos. Estes centros participan en proxectos de mobilidade e cooperación con outros países europeos.

No ámbito universitario, Erasmus+ tamén ten un impacto moi significativo. En 2025, 1.126 estudantes universitarios galegos recibiron axudas da Xunta de Galicia para participar en mobilidades Erasmus+ de entre dous e nove meses.

A distribución por universidades foi a seguinte:

- **494 estudantes da Universidade de Santiago de Compostela (USC),**
- **370 estudantes da Universidade de Vigo (UVigo),**
- **262 estudantes da Universidade da Coruña (UDC).**



### EXERCICIO

*En que medida pensas que unha estada noutro país pode mellorar a túa empregabilidade futura?*

*Tes pensado participar no programa Erasmus+ cando esteas na universidade?*

## 9.3 O programa Horizon Europe

Horizon Europe é o principal programa da Unión Europea para o financiamento da investigación, desenvolvemento e innovación. Está pensado principalmente para universidades, centros de investigación, empresas e administracións públicas, aínda que tamén inflúe indirectamente na formación do alumnado.

As accións deste programa están baseadas en tres piares fundamentais:

- a) Busca dunha Ciencia excelente
- b) Desafíos Globais e Competitividade Industrial Europea
- c) Europa Innovadora

### Obxectivos principais de Horizon Europe

- Impulsar a investigación científica de excelencia.
- Apoiar o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación.
- Dar resposta aos grandes retos sociais, coma o cambio climático, a saúde ou a dixitalización.
- Fortalecer a competitividade da economía europea.

### Ámbitos de actuación

- Saúde e benestar.
- Transición ecolóxica e loita contra o cambio climático.
- Dixitalización e novas tecnoloxías.
- Enerxías renovables.
- Investigación social e humanidades.

### Galicia no programa Horizon Europe

- Galicia participa activamente no programa Horizon Europe a través das súas universidades, centros tecnolóxicos e empresas, especialmente en áreas estratéxicas para o seu desenvolvemento económico e social. Este programa permite financiar proxectos de investigación e innovación nos que colaboran entidades de distintos países da Unión Europea.
- As universidades galegas (USC, UDC e UVigo) participan en proxectos de Horizon Europe relacionados coa saúde, o medio ambiente, as biotecnoloxías e a dixitalización, as tecnoloxías cuánticas, contribuíndo á formación de persoal investigador e ao avance do coñecemento científico.
- Tamén teñen un papel destacado os centros tecnolóxicos galegos, como Centro de Supercomputación de Galicia (Cesga), Gradient, CTAG, que participan en proxectos de investigación aplicada vinculados á automoción sostible, ás tecnoloxías dixitais, á innovación cuántica, economía azul e á economía circular
- Teñen moita relevancia os centros de investigación das Universidades galegas:
  - **Universidade da Coruña:** Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacions, CITIC.
  - **Universidade de Santiago de Compostela:** Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas, CIMUS, o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares, CIQUS, o Centro de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes, CITIUS e o Instituto Galego de Física e Altas Tecnoloxías, IGFAE.
  - **Universidade de Vigo:** Centro de Investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación, AtlanTTic, Centro de Investigacións Mariñas, CIM, e o Centro de Investigacións Biomédicas, CINBIO.

## 9.4 Programa CERV (Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores)

O programa CERV (Citizens, Equality, Rights and Values, é dicir, Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores) é un fondo da Unión Europea destinado a protexer e promover os valores fundamentais europeos, como a democracia, os dereitos humanos, a igualdade e o Estado de dereito. Este programa ten unha especial importancia no ámbito educativo e social, xa que contribúe á formación dunha cidadanía crítica, participativa e comprometida cos valores democráticos.

O principal obxectivo do programa CERV é reforzar os dereitos e valores comúns da Unión Europea, fomentando a participación cidadá e combatendo calquera forma de discriminación. Está dirixido a entidades públicas, asociacións, organizacións non gobernamentais (ONGs), centros educativos e colectivos que traballan no ámbito social e da educación en valores.

### Valores do CERV (Cidadáns, Igualdade, Dereitos e Valores)

- Fomentar a igualdade de xénero e a non discriminación.
- Previr e combater a violencia de xénero (coma por exemplo co programa Daphne)
- Reforzar a participación cidadá e o compromiso democrático.
- Defender o Estado de dereito e os valores democráticos.
- Preservar a memoria histórica europea.

### Galicia no programa CERV

Galicia está implicada de maneira activa no programa CERV a través de diversas institucións públicas e colectivos sociais.

Un exemplo destacado da implementación deste programa no noso territorio é o proxecto "RUYOU", que ten por obxectivo fomentar a participación da mocidade das zonas rurais na vida social e política das súas comunidades. Este proxecto busca contribuír a reforzar o sentimento de pertenza á Unión Europea.

No **ámbito da participación cidadá e da memoria democrática**, destacan iniciativas de diferentes entidades locais en proxectos relacionados coa participación cidadá e a memoria democrática.

No **eido da educación e da mocidade**, distintos institutos e centros educativos galegos desenvolven proxectos orientados a:

- promover a igualdade de xénero
- previr a violencia de xénero

Finalmente, no **ámbito dos dereitos civís**, diversas asociacións galegas levan a cabo proxectos financiados polo programa CERV, destinados á defensa dos dereitos do colectivo LGTBIQ+ e á promoción da igualdade e da non discriminación.

### EXERCICIO

*Explica en que medida os programas Erasmus+, Horizon Europe e CERV contribúen a construír unha identidade europea común.*

Se queres saber máis podes visitar estas páxinas

<https://erasmus-plus.ec.europa.eu/es>

<https://www.horizonteeuropa.es/que-es>

[https://citizens-equality-rights-values.campaign.europa.eu/index\\_es](https://citizens-equality-rights-values.campaign.europa.eu/index_es)